

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 30 DE OUTUBRO DE 2006

### 2.- Solicitudes de licencias de obras.

#### FAVORABLES

**254/06.- Hermanos Pena Bacelo, S.L.-** Construción de nave e apertura (Lap/60/06) para comercio polo miúdo, con exposición e venda de aparatos electrodomésticos no Polígono Costa Vella-Rúa 7- Parcela 94 do SUNP-37.-

**340/06.- Comunidade de Propietarios da Avda. Rodríguez de Viguri núm. 29-A.-** Instalación de ascensor.-

**2607/04.- Estudio 5 de Gestión y Proyectos, S.A.-** Edificio (44 viv.) no quinteiro 6 do Polígono 1 do SUP-2 de Cornes.

#### DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DA X.G.L. DE DATA 09 DE OUTUBRO DE 2006

**580/05.- Navegal.-** Devolución de fianzas.-

#### ALEGACIÓNS AO ACORDO DA X.G.L. DE DATA 17 DE XANEIRO DE 2005

**2980/04.- Ermitás Platas Martínez.-** Segregación das parcelas 701, 1259 e 544 de concentración da zona de Cesar, Barciela (estimadas).-

#### DEVOLUCIÓN FIANZAS

**1037/06.- Malga, S.L.-** ..... Expte.....945/03.....10.400 euros.-

**1460/06.- Gonzablan, S.L.-** ..... Expte.....2460/03.....4.245 euros.-

**1809/06.- José García Gerpe.-** ..... Expte.....1191/06.....2.488,86 euros.-

#### APERTURAS

**Lap/318/05.- Panadería Cervela S.L.-** Venda e degustación de produtos de panadería e pastelería na Avda. de Vilagarcía núm.. 31.-

**Lap/304/06.- Monteviejo Inversiones Inmobiliarias, S.L.- Roxos Galicia S. Coop. Galega.-** Funcionamento de garaxe na Rúa Dublín núm. 20-22.-

#### **OCIHR**

**Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación.**

#### **LICENZAS.-**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/613/2005.- CABILDO CATEDRALICIO.-** Substitución da estrutura e o pavimento da capela do tesouro da Catedral de Santiago.- Na Rúa das Praterías.-

**LIC/1800/2006.- CONSORCIO DE SANTIAGO.-** Restauración e mantemento dos enlousados de pedra da cidade histórica.- Na praza Inmaculada, Rúas Val de Deus, San Francisco, Acibechería e Troia e Entorno do Hostal dos Reis Católicos e Praza do Obradoiro.

### **6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Concédense diversas axudas sociais.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á aprobación de axudas para mantemento de edificios.**

Apróbase unha axuda para o mantemento de tres edificios situados nas rúas Raíña, Franco e Algalia de Arriba, con plans a catro anos, dende 2006 a 2010 e orzamentos subvencionables ao 50 e ao 30%.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Sanidade relativa á prórroga dos contratos temporais dos operarios do refuxio de animais de Bando.**

Acórdase a prórroga dos devanditos contratos ata o 15 de novembro.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificación dos convenios de colaboración coas asociacións "DOWN COMPOSTELA" E " CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA" para 2006.**

Apróbanse os gastos das xustificacións dos convenios.

**10.- Adxudicación da Contratación do programa de prevención de drogodependencias CINENSINO para o curso 2006-2007.**

Adxudícase a contratación á empresa ESTINGA SERVICIOS SOCIALES S.L, por importe de 27.156 euros.

**11.- Adxudicación da Contratación do programa de información e formación en Prevención de drogodependencias para o curso 2006/2007.**

Apróbase o gasto para o desenvolvemento do devandito programa, cun importe de 11.833 euros.

**12.- Adxudicación da Contratación das actividades incluídas no programa de Prevención de Drogodependencias a través do adestramento en habilidades sociais con adolescentes para o curso 2006/2007.**

Apróbase o gasto para o desenvolvemento do devandito programa, cun importe de 10.355 euros.

**13.- Adxudicación do Subministro de software McAfee Total Protection Enterprise.**

Adxudícase o subministro á empresa SOFTGAL, por un importe de 11.977 euros.

**14.- Adxudicación do Subministro de BELEN completo para instalar durante as festas do Nadal.**

Adxudícase o subministro á empresa DEKORANIA, S.L., por un importe de 8.964 euros.

**15.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación de Asistencia técnica para a elaboración, implantación e actualización do Plan de Emerxencia territorial de Protección Civil de Santiago de Compostela.**

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación dos traballos de consultoría e asistencia técnica, cun tipo de licitación de 49.000 euros.

**16.- Adxudicación da Asistencia técnica para a elaboración dun estudio das redes de saneamento do Mercado de Gando de Amio.**

Adxudícase a asistencia técnica á empresa AQUAGEST S.A., por un importe de 19.878 euros.

**17.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación de dous servidores para a implantación dun sistema de virtualización no centro de proceso de datos do Concello de Santiago.**

Apróbase o prego e iníciase o expediente para a contratación, cun tipo de licitación de 29.100 euros.

**18.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación da PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DO PROXECTO CREAM.**

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 29.800 euros.

**19.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á comunicación a diversas Administracións públicas das eventualidades acontecidas na execución das obras do novo edificio do parque de bombeiros.**

Acórdase a comunicación á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e á Deputación Provincial da Coruña, na súa calidade de partes no convenio marco de colaboración para a conversión en parque comarcal de bombeiros do parque de bombeiros de Santiago, aos efectos de formalizar unha addenda do mesmo.

**20.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación de A Coruña para o "Plan de EXCELENCIA COMERCIAL".**

Apróbbase a sinatura do convenio.

**21.- Propostas do concelleiro delegado de Urbanismo relativas á autorizacións de diversas segregacións da parcelas sitas no SUNP-5 da Muíña.**

Autorízase a segregación de varias parcelas, ao efecto de permitir a execución do Plan de sectorización do SUNP-5.

**22.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á resolución de alegacións e aprobación definitiva do proxecto de estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.**

Acórdase o rexeitamento de sete alegacións e apróbanse definitivamente os proxectos de estatutos e bases de actuación do SUNP-25 de Roxos, sen modificacións respecto dos inicialmente aprobados, segundo os documentos presentados o 3 de xullo de 2006 pola mercantil Monteveijo Inversiones Inmobiliarias. Désígnase como representante municipal na Xunta de Compensación ao concelleiro de Urbanismo.

**23.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudio de detalle na rúa da Choupana no solo urbanizable programado número 6 (SUP-6) de Santa Marta.**

Apróbbase inicialmente o estudo de detalle, segundo o documento presentado por EMUVISSA o 26 de setembro. Prodúcese un reaxuste do desprazamento da rúa A e un reaxuste da aliñación da rúa da Choupana. O expediente someterase a información pública durante o prazo de vinte días.

**24.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico para a aprobación do proxecto de restauración e mantemento dos enlousados de pedra da cidade histórica, na Praza da Inmaculada, rúas de Val de Deus, San Francisco, Acibechería e Troia, entorno do Hostal dos Reis Católicos e Praza do Obradoiro.**

Apróbbase o proxecto nas devanditas rúas, cun orzamento de 271.931 euros.

**25.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a asociación cultural O GALO para 2006.**

Apróbbase a sinatura do convenio, cunha colaboración económica por parte do Concello de 12.000 euros.

**26.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión gratuíta do uso do campo de fútbol de Santa Isabel por delegación na devandita concellería.**

Acórdase a delegación e a concesión gratuíta do uso ata que non se aprobe a ordenanza fiscal do vindeiro ano.

**27.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación da sinatura de diversos convenios.**

Apróbbase a sinatura de oito convenios con entidades sindicais, empresariais e académicas.

**28.- Proposta do concelleiro delegado de Alumeado relativa á realización dun aboamento á concesionaria do mantemento de instalacións de iluminación pública e instalacións eléctricas das dependencias municipais.**

Acórdase o aboamento das cantidades correspondentes aos servizos realizados.

**29. Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativas a bonificación no IVTM.**

Concédesse a exención do imposto a un solicitante.

**30 a 37.- Propostas do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativas a bonificación no imposto de bens inmobles.**

Concédense as bonificacións a oito solicitantes.

**38.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á concesión de diversas exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédesse a exención solicitada.

**39.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e ASPANAES.**

Dáse conta do devandito convenio, polo que o Concello achega 3.400 euros.

**40.- Dar conta da sinatura do protocolo entre a Consellería de Cultura, a USC, a fundación-museo "EUGENIO GRANELL", e o Auditorio de Galicia para a montaxe da exposición " O Debuxo por diante".**

Dáse conta do protocolo asinado.

**41.- Proposta da concelleira delegada da UMAD dando conta da sinatura do convenio financeiro entre o Concello e a Axencia nacional SÓCRATES.**

Dáse conta da sinatura do convenio, polo que a Axencia Nacional Sócrates concedeu unha achega de 8.500 euros.

**42.- Dar conta do estudio relativo á demanda e tarifas do subministro municipal de augas: unha aproximación a realidade municipal galega.**

Dáse conta do estudio.

**43.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención pola Consellería de Innovación e Industria para o uso racional da enerxía.**

Dáse conta da concesión da subvención, por un importe de 18.950 euros, para actuacións de mellora e modernización de instalacións de alumeado público en varios lugares de Villestro.

## **URXENCIAS**

- Aprobación definitiva do proxecto de urbanización do SUNP-7 (Pontepedriña)